

**Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se fan públicos os resultados da proba de galego no concurso unitario de provisión de postos reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional.**

De conformidade co disposto na base quinta da Resolución do 29 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio para a Transformación Dixital e da de Hacienda e da Función Pública, pola que se convoca o concurso unitario de traslados para a provisión de postos de traballo reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional para o ano 2023 (BOE nº 14, do 16 de xaneiro) e no apartado 4 do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a este persoal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral,

**RESOLVE:**

Elevar a definitiva a proposta de valoración formulada pola comisión técnica nomeada por Resolución do 29 de agosto de 2024, da Dirección Xeral de Administración Local, da persoa que a continuación se relaciona, que convocouse para a realización da proba de galego, ao participar no concurso unitario de provisión de postos reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional para o ano 2023 e non acreditar estar en posesión do Celga 4 ou titulación equivalente:

Apelidos e nome	Valoración
Del Riego Santos, María Rosa	Apta



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, os interesados poderán interpoñer recurso administrativo de reposición, ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

Santiago de Compostela,  
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

